



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Francisco Cerviño González, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O concello de Cerdido tivo, ao amparo do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deportes e os concellos que foi firmado polo alcalde o 5 de maio de 2005, unha preinstalación de Wifi na Casa da Cultura.

A operatividade da liña Wifi nunca se produciu, e con data 27 de setembro de 2006 foille comunicado ao Concello a finalización do servizo prestado pola empresa Red.es (que en realidade nunca chegou a prestar), e polo soporte in situ prestado pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, dentro do “Programa de Informatización das Bibliotecas”.

E pouco discutible a importancia de que hoxe en día nas bibliotecas –e non nas dependencias da Casa da Cultura- exista unha liña Wifi para o traballo adecuado dos usuarios da mesma.

Por outro lado, como é lóxico, a Corporación Municipal de Cerdido está facendo as xestións pertinentes para a súa instalación.


Por todo o anteriormente exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta:

Cal é o estado da cuestión de instalación dunha liña Wifi na Casa da Cultura do Concello de Cerdido?

Pazo do Parlamento, 26 de maio de 2008

Asdo.: Francisco Cerviño González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Francisco Cerviño González na data 26/05/2008 11:06:16

Partido dos
Socialistas
de Galicia
